



FELIZ MARTES!!!

Que tal o vídeo explicando o que xa sabíades? Ben, non? Penso que non habería ningún problema co repaso dos conceptos de presente, pasado e futuro. Tampouco moito problema con outros conceptos que xa usamos de sempre (reloxo, calendario, ano...) peeeero igual non tiñamos na mente para organizar o tempo histórico.

Pois ben, hoxe seguimos traballando un pouco facendo primeiramente un pequeno exercicio.

- Escribe presente, pasado ou futuro ao lado de cada unha destas afirmacións:
 - O próximo venres Marta comerá unha brocopizza.
 - O día 14 de marzo comezou o estado de alarma.
 - Estou preparando agora mesmo a clase do martes.
 - Nacín o 16 de xullo de 1981.
 - O 16 de xullo celebrarei o meu aniversario.

Agora toca ver o seguinte vídeo 😊

<https://youtu.be/x9JWz1kTAhs>

(agora copiades este pequeno resumo debaixo do exercicio e ata o venres)

QUE É A HISTORIA?

A Historia é a ciencia encargada de estudar, analizar, investigar os feitos que sucederon no pasado ás persoas ata a actualidade. Trata de responder preguntas que podemos ter sobre o pasado do ser humano desde a súa aparición ata hoxe.

